

AUTOR

Michael Ende

ILUSTRADOR

Enrique Lorenzo

TEMASResolución de conflitos.
Paz e guerra. Superación
persoal (madurez).
Familia. Orgullo**COMPETENCIAS**Sociais e cívicas.
Aprender a aprender

N.º DE PÁXINAS: 72



A sopeira e o cazo

Non á guerra!

POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque constitúe un excelente exemplo de como os grandes conflitos se poden solucionar chegando a un acordo.

RESUMO DO ARGUMENTO

En dous reinos veciños esquecen invitar a bruxa Petronila Perrenchuda ao bautizo dos príncipes herdeiros. Ela, en vinganza, fálles un particular agasallo: unha sopeira e un cazo, que xuntos proporcionan unha sopa marabillosa, mais separados non serven para nada. Os reis argallarán absurdas estratexias para acadar o que non teñen, e mesmo chegarán a declararse a guerra. A paz só chegará da man dos seus fillos, que non dubidan en compartir a sopeira e o cazo para solucionar o problema.

PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para todo tipo de lectores, poir a pesar da cantidade de texto, a historia séguese doadamente.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

INDIVIDUAL

Pide aos teus alumnos que sinteticen o contido do libro en **catro debuxos** con estas ideas:

- *O enfado da fada Petronila Perrenchuda.*
- *A sopeira nun reino e o cazo no outro.*
- *Os reis dos dous reinos tirando cada un dun lado da sopeira e o cazo.*
- *O príncipe e a princesa comendo a sopa ben felices.*

PARELLAS


Anímaos, por parellas, a que busquen e recopilen exemplos nos que se aprecie que os **reis** de ambos países eran moi **parecidos** (*forma de ser, de divertirse, toma de decisións, etc.*). Despois, poñede en común todos os resultados.

GRUPO

Como se ve no relato, é fundamental **chegar a un acordo** cando hai dúas partes en conflito. Nesta historia a solución chega a través da amizade dos fillos, pero que ocorrería se non chegasen a coñecerse? Lembra aos teus alumnos que para resolver os problemas cómpre cavilar moito e desbotar ideas que non conducen a ningures, e propónlles que ofrezan unha **alternativa** para os reis de ambos reinos.

Primeiro, todos pensarán unha solución e a escribirán nun folio (ex.: *que nos meses pares a sopeira e o cazo sexan para un reino, e nos impares, para o outro*).

Despois, deberán ler en voz alta todas as propostas; simultaneamente, poden ir descartando unhas e aceptando outras, coa súa explicación correspondinte para quedar coas máis lóxicas. Por último, votade entre todos cales son as mellores solucións.



TALLER DE ESCRITURA

Explícalles que nesta historia os **apelidos** fan referencia a calidades dos personaxes (*Perrenchuda é a bruxa; Furtadelas e Rapuñeiro son os ladróns, etc.*). Pídelles que elixan dous apelidos que reflectan algún trazo da súa personalidade e que expliquen as razóns da súa escolla (ex.: *Escachavazos: porque moitas veces tiro e rompo vasos. Durmiño: porque nunca dou chegado puntual a clase*).